



C O N C E L L O
DE
ME A Ñ O
C. P. 36968
(PONTEVEDRA)

**REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E RÉXIME
INTERIOR DO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE DO CONCELLO DE MEAÑO**

**CAPITULO I:
DISPOSICIÓN XERAIS, CONCEPTO. LEXISLACIÓN**

O obxecto da presente ordenanza é regular a organización, funcionamento e réxime interior do Centro Social Polivalente, dito centro é un establecemento público dependente do Concello de Meaño, con Número e Inscripción no rexistro Nº VP-606.

Dito centro ten como finalidade servir de ferramenta o de apoio ó Traballo Social de Atención Primaria.

O proxecto de regulamento de réxime interior de funcionamento do Centro Social Polivalente do Concello de Meaño, basease na Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e na lei 4/1993 do 14 de abril, de Servizos Sociais.

**CAPITULO II:
LOCALIZACIÓN E OBXECTIVOS**

Art. 1. O Centro Social Polivalente, está situado na Parroquia de Meaño, na rúa Herminia Fariña, nº 6 no termo municipal de Meaño.

Art.2. Obxectivos do centro:

Art. 2.1.- Obxectivo xeral:

- Servir de punto de encontro as persoas do concello, para poder realizar actividades de desenvolvemento persoal que melloren a súa calidade de vida, así como tamén encontren un espazo para o ocio e o espallamento.

Art. 2.2. Obxectivos específicos:

- Potenciar as capacidades dos usuarios/as, na procura da mellora da súa calidade de vida.
- Promover a convivencia, solidariedade e a axuda mutua entre os distintos colectivos.
- Axudar a integración na vida social e cultural dos colectivos máis desfavorecidos e desprotexidos.



C O N C E L L O

DE

ME A Ñ O

C. P. 36968
(PONTEVEDRA)

- Aproveitar ó máximo os recursos dispoñibles.
- Complementar o programa de axuda no fogar e o de teleasistencia.

CAPITULO III: DESTINATARIOS

Art. 3. Os destinatarios do Centro Social Polivalente, son os residentes do Termino Municipal de Meaño ou doutros municipios, e especialmente aqueles colectivos mais desfavorecidos, así como as persoas maiores.

CAPITULO IV: PRESTACIÓNS E ACTIVIDADES

Art. 4. As prestación e programas a realizar se dividen en tres bloques xerais:

Bloque 1: Programa de actividades de Desenvolvemento persoal. Dito programa establece a organización e posta en marcha de diferentes obradoiros e actividades físicas, culturais e de desenrolo persoal.

Bloque 2: "Programa Concilia." Programa de Apoio as Familias para a conciliación da vida laboral e as cargas familiares.

Dito programa pretende axudar as familias con cargas familiares (maiores, discapacitados...) para que durante algunhas horas o día poidan deixar ós seus familiares no centro, e así poder compatibilizar a vida laboral coas cargas familiares.

O centro facilitará axuda na procura de mellorar a súa calidade de vida, estimulando a súas potencialidades e facilitando as relacións sociais, co fin de que poidan permanecer no seu entorno o maior tempo posible.

O programa tamén pretende ser un complemento ó Programa de Axuda no Fogar, para aquelas persoas que viven en soidade.

Bloque 3: Programa de atención en Situacións de Urgencia.

Con este programa pretendese axudar as familias que en situacións puntuais de urgencia, (en casos de hospitalizacións do coidador, viaxe urxente etc.), se vexan necesitados



C O N C E L L O
DE
M E A Ñ O

C. P. 36968
(PONTEVEDRA)

de acudir ó centro, para que se lles poida prestar unha atención individualizada algunhas horas o día.

As prestacións a realizar están en función do tipo de atención que se lles preste ós/as usuarios/as, en base o tipo de bloque al que asistan, xa que no caso do Programa de Actividades, as prestacións están en base a actividade específica a que asistan, no caso dos outros dous bloques os Programas de Conciliación e o de Situacións de Urgencia, as prestación teñen que ver con la atención mais personalizada, así como tamén a integración no programa de actividades, e en outras actividades de animación sociocultural.

CAPITULO V: ORGANIZACIÓN E PERSOAL

Art. 5. O centro deberá contar cun persoal adecuado en número e especialización para prestar os servicios correspondentes ós distintos programas a levar a cabo, e cun responsable coordinador.

As actividades e tarefas precisas para o desenvolvemento da atención e prestacións sinaladas no art. 4, serán prestadas por persoal cualificado e contratado o efecto.

CAPITULO IV: HORARIO DO CENTRO

Art. 6. O centro desenvolve a súa actividade de luns a venres, en horario que poría ser continuado no período das 8:00 as 20:00 horas. Permanecerá pechado os sábados, domingos e festivos.

CAPITULO VII: TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES E CRITERIOS DE ADMISIÓN

Art. 7.

1. As solicitudes para participar nos distintos programas do Centro, presentaranse no Rexistro do Concello, segundo modelo facilitado no Departamento de Servicios Sociais do Concello, e irá acompañado da documentación requirida en cada caso:

- **Programa de Actividades:**
 - Ficha de Inscripción
 - Fotocopia DNI.



C O N C E L L O
DE
ME A Ñ O
C. P. 36968
(PONTEVEDRA)

- Certificado empadramento
- Domiciliación bancaria.

- **Programa Concilia e de Atención a Situacións de Urgencia:**

- Igual documentación que o anterior
- Informes médicos
- Documentación acreditativa da situación socioeconómica da unidade familiar
- Calquera outro documento que se considere necesario en relación a solicitude

2.- Criterios de Admisión:

O orden de preferencia para cubrir os distintos programa estará en función dos seguintes criterios:

- **Programa de Actividades:**

- Data de solicitude
- Estar empadroadado no termo municipal de Meaño

- **Programa Concilia:**

- Data de solicitude
- Estar empadroadado no termo municipal de Meaño
- Situación socio-familiar e económica

**CAPITULO VIII:
RÉXIME ECONÓMICO**

Art. 8. O réxime económico será determinado nas correspondentes ordenanzas fiscais que regulan as taxas pola prestación dos distintos servizos.

**CAPITULO IX:
DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS**

Art. 9.- Dereitos dos usuarios:. Os usuarios do centro teñen os seguintes dereitos:

- a) Acceder o Centro Social Polivalente, e recibir atención e asistencia sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra circunstancia persoal ou social.



C O N C E L L O
DE
ME A Ñ O

C. P. 36968
(PONTEVEDRA)

- b) A consideración no trato, baseada na dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do centro como dos demais usuarios/as.
- c) O segredo profesional, acerca dos seus datos, o seu historial sanitario e social.
- d) A manter relación interpersoais.
- e) A una asistencia individualizada acorde coas súas necesidades específicas.
- f) Ó respecto a súa intimidade, personalidade e dignidade humana.
- g) A deixar de utilizar ós servizo ou abandonar las actividades por propia vontade.
- h) A recibir información completa e continuada de todo lo relacionado consigo mesmo.
- i) A asociarse co obxecto de favorece-la súa participación na programación e desenvolvemento das actividades.
- j) A utiliza-las vías de reclamacións e suxerencias, solicitar información sobre as normas de funcionamento e dos medios de comunicación (queixas, suxerencias, reclamacións e preguntas)

Art. 10.- Deberes dos usuarios: Os usuarios do centro teñen os seguintes deberes:

- a) Cumpri-las normas sobre utilización do Centro Social Polivalente, establecidas no presente regulamento.
- b) Observar una conducta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración encamiñada a facilitar unha mellora da convivencia.
- c) Responsabilizarse dos cartos e obxectos de valor que sexan da súa propiedade.
- d) Facilitar toda a información necesaria para valorar as súas circunstancias e responsabilizarse da veracidade de dita información, así como informar dos cambios que se produzan respecto a súa situación.
- e) Asistir ó Centro cunha adecuada hixiene persoal.
- f) O non consumo de tabaco no centro.

CAPITULO X

FALTAS E SANCIONES

Art. 11.- As faltas suxeitas a sancións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1.- Son faltas leves:

- a) Altera-las normas de convivencia, respecto mutuo, creando situacións de malestar no centro.
- b) Facer uso non axeitado das instalacións e medios do Centro ou perturba-las actividades do mesmo
- c) Promover e participar en altercados, rifas ou pelexas de calquera tipo.



C O N C E L L O
DE
M E A Ñ O
C. P. 36968
(PONTEVEDRA)

2.- Son faltas graves:

- a) A reiteración das faltas leves, dende a terceira cometida.
- b) Altera-las normas de convivencia de xeito habitual, creando situacións de malestar no Centro.
- c) A sustracións de bens ou calquera clase de obxectos propiedade do Centro, do persoal ou dos usuarios/as.
- d) Falsear ou ocultar datos en relación co aproveitamento de calquera prestación ou servizo do Centro

3.- Son faltas moi graves:

- a) A reiteración das faltas graves dende a terceira cometida.
- b) A agresión física ou malos tratos a un o varios usuarios, membros do equipo, persoal do centro ou calquera persoa que teña relación con el.
- c) Falseamento ou ocultación de declaracións ou aportar datos inexactos relevantes en relación coa condición de usuario/a.

Art. 12.- Sen prexuízo das demais responsabilidades, as que puideran dar lugar, as sancións que se poderán impoñer ós/as usuarios/as que incorran nalgunhas das faltas mencionadas no artigo anterior serán as seguintes:

1) Por faltas leves :

- Amoestación verbal privada
- Amoestación individual por escrito

2) Por faltas graves: suspensión dos dereitos como usuario/a por un período non superior a 6 meses.

3) Por faltas moi graves:

- Suspensión dos dereitos de usuario/a por un período de 6 meses a 2 anos.
- Perder definitivamente a condición de usuario/a do Centro.

Art. 13.-

1. As sancións polas distintas faltas, requiriran la oportuna tramitación do expediente, polo que se garantirá sempre o dereito do usuario a ser escoitado.
- 2.- As sancións por faltas leves serán impostas polo responsable do Centro.



C O N C E L L O
DE
ME A Ñ O

C. P. 36968
(PONTEVEDRA)

3.- As sanción por faltas graves o moi graves serán impostas pola Xunta de Goberno do Pleno do Concello.

CAPITULO XI
DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O non previsto no presente Regulamento rexeranse pola lexislación establecido o efecto.

O presente regulamento entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto íntegro no B.O.P. de Pontevedra e transcorra o prazo previsto no artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.



Meaño, 19 de abril de 2006

O Alcalde

Asdo. Jorge Domínguez Rosal